



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 7 de maio de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

3.- PROPOSTA PARA O REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN AO SEGUNDO CLASIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12941/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado con data 3/05/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 3 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

15.- Incidencias

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo (12.941-306)

Con data do 16 de abril de 2018 notificouse a EMSEBUR, S.L. o acordo de clasificación e requíriuselle a documentación esixida polo artigo 151.2 TRLCSP, así como o pagamento dos anuncios. Rematado o prazo o 30 de abril de 2018, o citado licitador non presentou a referida documentación. Segundo o previsto no citado artigo *“De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas”*.

O segundo clasificado neste procedemento, segundo o acordo da Xunta de Goberno local do 5 de abril de 2018 é MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta de que o licitador clasificado en primeiro lugar, EMSEBUR, S.L., non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo sinalado, polo que se entende que retirou a súa oferta.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/05/2018 12:58	Páxina 1 de 2
Expediente 12941/306	CSV: 25EB4-2D4E2-3DDEB-DDD34	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.887,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/05/2018 12:58	Páxina 2 de 2
Expediente 12941/306	CSV: 25EB4-2D4E2-3DDEB-DDD34	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		